

Palabras de agradecemento na presentación do Anuario Brigantino 2007, nº30

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sra. Alcaldesa, autoridades, amigos:

O Anuario Brigantino non para: hai 60 anos, no 1948, en tempos de fame e miseria, apareceu da man do lembrado e querido mestre don **Francisco Vales Villamarín**. Pero xa sabemos que desapareceu entre 1949 e 1981, para, desde este ano, saír ininterrompidamente ata hoxe cando fai o nº 30. A min paréceme increíble que xa pasasen 25 anos desde que fun nomeado director, pero así son as cousas. E neste día teño que dar as gracias a moita xente.

Empezarei polo alcalde que me nomeou. Foi un día de xaneiro de 1984 (antes do 13, data do acordo) cando **Antolín Sánchez Presedo** me chamou á alcaldía e me preguntou de súpeto se quería dirixir o Anuario Brigantino. Sen poder disimular a sorpresa, díxenlle que si. Non tiven tempo a pensalo e mesmo a dúbida parecíame que era un insulto ó Alcalde que non me podía permitir. Era evidentemente un honor que se me facía, aínda que tamén supuña unha gran responsabilidade. Pero eu xa pensara desde había tempo na necesidade de crear unha revista de investigación, porque consideraba que podía ser un motor cultural de primeira importancia que tiraría doutras institucións do concello. De feito, xa lle dera un título e deseñara o marco da portada: chamaríase *Florius*, nome que os romanos daban ó río Mandeo, e a orla sogueada reutiliceina despois para o rediseño da portada do Anuario.

Antolín sempre demostrou a súa confianza nas miñas posibilidades e, ademais, naqueles primeiros tempos deume a súa estima e o seu apoio, defendéndome cando houbo que facelo e facilitando aqueles pasos iniciais nos que sacamos á luz non soamente o Anuario Brigantino 1983, nº 6, senón tamén o facsímile do primeiro periódico local, *El Censor*, con motivo do seu centenario. Antolín seguiu un ano máis. Con el saíu aínda o Anuario de 1984, pero no 1985, por incompatibilidade, deixou a alcaldía e seguiu a súa carreira política no Parlamento de Galicia, ó tempo que, ese mesmo ano, era nomeado secretario xeral do PSdeG-PSOE (ata 1993). Máis tarde (1987-1989) sería conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e desde ese posto axudou todo o que puido a Betanzos, lembrando eu agora, entre outras cousas, o seu apoio decisivo nas obras de rehabilitación do exconvento de Santo Domingo, sede do Museo, do Arquivo e da Biblioteca. Desde 2004 é parlamentario europeo e desde alí sigue axudándonos. Aínda recordo o día feliz en que entrou na miña primeira exposición de «Xente no Camiño», no Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia («Liceo») en Betanzos, mirou en redondo e dixo: esta mostra hai que levala ó Parlamento Europeo a Bruxelas. Eu volví ter a mesma sensación que cando me propuxo dirixir o Anuario: nin se me pasara pola imaxinación semellante cousa, pero a mostra, efectivamente, coa axuda da Deputación Provincial (e co entusiasmo de Celestino Poza, daquela á fronte de Cultura), rematou en Bruxelas e para moitos betanceiros que alí estivemos foi unha ocasión verdadeiramente inesquecible.

Resumindo, Antolín marcou a miña vida e síntome honrado por iso, xa que, despois de moitos avatares da súa carreira política, é hoxe unha persoa respetada e, desde logo en Betanzos, querida. Iso si, por culpa del, a miña xornada de traballo semella non rematar nunca, porque o Anuario é algo así como unha amante celosa que me persigue constantemente. No traballo, na casa, nas viaxes, sempre está a posibilidade dunha investigación ou de contactar con algún colaborador, de sacar algunha fotografía que pode ser necesaria, que sei eu...

*Alfredo Erias Martínez é director do Anuario Brigantino.

Pero, por riba de todo, por moito traballo e responsabilidade que supoña, para min é e será sempre un gran honor ser ou ter sido director do Anuario Brigantino. Gracias, Antolín! Espero que estes 25 anos últimos do Anuario sexan do teu agrado.

A Antolín sucedeuno como alcalde **Manolo Lagares** en 1985 e no seu longo período o Anuario foi acadando pouco a pouco estabilidade a todos os niveis, empezando polo presupostario, e mesmo foi medrando en páxinas ata chegar ás 600 nas que se mantén desde o nº 22 de 1999. Foron con el nada menos que 21 números. Gracias, Manolo!

Por último, lembro a miña primeira entrevista coa actual alcaldesa, **María Faraldo**, coa que xa levo dous Anuarios: despois de expoñerlle os informes das demais institucións que dirixo, cando cheguei ó Anuario cortoume dicindo que o fixese coma sempre. Foi un xesto de elegancia que lle agradezo, posto que representa que o Anuario está á marxe da cor política da Corporación Municipal de cada momento. O Anuario é de todos, é de Betanzos, é de Galicia e así, penso eu, debe seguir sendo, sexa quen sexa o seu director ou directora. Gracias, Mari!

Non podo esquecerme tampouco do traballo e colaboración estreita dos concelleiros de Cultura que tiven ata agora en relación co Anuario: **Andrés Beade Dopico**, que está a loitar pola súa saúde. No caso de **Francisco Díaz**, «Pachico», o agradecemento ten que ser necesariamente especial, porque compartimos traballo durante moitos anos, nada menos que desde 1987 ata o 2007, 20 anos. E en canto a **Pedro Gómez**, recién chegado ó cargo, aínda que estamos empezando a camiñar xuntos, a súa axuda xa permitiu mellorar a web da revista, polo que tamén a el agradezo a súa labor.

Un proxecto destas características non sería nada sen o patrocinio económico e neste senso, úneme a todos os alcaldes que tiven e á Alcaldesa no agradecemento á **Deputación Provincial**, ó **Banco Etxeverría**, á **Fundación Caixa Galicia** e á **Fundación Manuel Villuendas Pena**. Gracias a todos!

Debería agora agradecer un por un o traballo de todos os colaboradores, tanto investigadores como fotógrafos, debuxantes e demais, pero resulta que cando miramos a base de datos atopamos que desde 1948 son máis de 700, a gran maioría, naturalmente, destes últimos 25 anos, polo que falarei soamente dalgúns en representación de todos.

En primeiro lugar teño que agradecer publicamente o traballo do subdirector, **Xosé María Veiga Ferreira**, o meu compañeiro de traballo e amigo, que é quen máis cerca está de min á hora de solucionar os mil problemas que leva consigo editar cada número da revista e outras moitas cousas. É ademais un gran investigador e, por riba de todo, ten a temperanza, sentido común e bonhomía que fan tan doado traballar con el. Gracias, Xosé María!

Xulio Cuns Lousa é outro dos piares do Anuario durante tantos anos, como secretario. Conseguir integralo no equipo foi para min moi importante e a súa experiencia, o seu coñecemento sociolóxico de Betanzos, o seu traballo de tantos anos na revista, ademais da súa demostrada labor investigadora e literaria, falan ás claras de que estamos diante dun dos bos e xenerosos que deu esta cidade en toda a súa historia. Gracias, Xulio! Cóidate moito!

É permanente o apoio e a colaboración do catedrático da Univ. De Santiago, **Fernando Alonso Romero**, un dos máis prestixiosos investigadores da cultura céltica do arco atlántico, un sabio de verdade, aquel que hai anos quixo ir a Irlanda nun barco de coiro. A el debémoslle tamén importantes xestións para que o Anuario fose catalogado oficialmente como revista de investigación co nivel correspondente polo Ministerio de Cultura e pola UNESCO. Gracias, Fernando!

Manuel Ares Faraldo, profesor de tantos de nós no Instituto Francisco Aguiar, axudou e colaborou co Anuario desde os primeiros tempos en que eu cheguei. E o mesmo podemos dicir de outro profesor do Instituto, **Marcelino Álvarez**, que non só fixo traballos e mesmo un precioso libro de contos, senón que sempre puxo á nosa disposición a súa portentosa memoria dun Betanzos xa esquecido.

De Betanzos é tamén **Concepción Delgado Corral**, doutora en Filoloxía e catedrática de Lingua e Literatura no instituto «Francisco Aguiar», boa amiga e persoa de gran intelixencia, demostrada nos seus múltiples traballos de investigación. A ela se debe o rescate de escritores esquecidos e a permanente posta en valor da nosa literatura. Constitúe ademais unha ponte de irmanamento cos nosos escritores portugueses de onte e de hoxe.

José Luis Couceiro Vicos, tamén betanceiro, é un caso curioso. Emigrante en Inglaterra, tivo a sorte de traballar con grandes familias da nobreza británica e dese ambiente colleu todo un mundo de códigos culturais e de datos que lle fixeron sentir a necesidade de escribilos. Gracias a el sabemos da importancia europea dun militar de familia betanceira, Carlos Lago Couceiro e precisamente neste ano e como suplemento do Anuario, deixounos unha verdadeira xoia, un dos pouquísimos traballos sobre a emigración galega, neste caso betanceira, ó Reino Unido, que ten a importancia engadida de ser un documento de primeira man, posto que o escribe un protagonista daquel fenómeno social e económico. Pero o seu apoio ó Anuario tamén vén por parte da súa muller **Nadine Mary Couceiro Vicos** que desde hai anos nos traduce ó inglés os *abstracts*. Antes dela fixérono **Carmen López Villasol**, **Isabel Sánchez Edreira** e outros máis.

Xosé Ramón Barreiro Fernández, un dos historiadores máis ilustres de Galicia, actual presidente da Real Academia Galega e profesor dalgúns de nós, colaborou e mesmo presentou o Anuario en dúas ocasións: sempre esta aí cando se precisa.

José García Oro, profesor da Univ. De Santiago, o máis grande historiador da Galicia do s. XV é unha presenza habitual cos seus traballos e persoa que sempre axuda e anima.

Antonio Meijide Pardo marchou para o Alén o 25 de xuño do 2004, pero ata ese momento foi colaborador constante do Anuario e sempre estaba na súa presentación. Foi o máis grande historiador de Galicia para o s. XVIII e peza fundamental para o prestixio da revista. Sempre acostumaba mandar o traballo tarde, pero o último ano sorprendeume ó enviálo antes do que era habitual. Co traballo viña unha carta explicando que mo enviaba cedo porque estaba enfermo. O caso é que ós poucos días faleceu e a min quedoume a sensación de que quizais viviu algún días máis da conta para rematar o traballo do seu querido Anuario Brigantino. Outro caso moi especial é o de **José Antonio Miguez**, outro ilustre profesor de tantos betanceiros no Instituto «Francisco Aguiar», que nos deixou recentemente, o 7 de outubro de 2005. Desde o Anuario de 1983 estivo á nosa beira, apoiando completamente a revista e deixando nela magníficos traballos. Sempre tiven a sensación de que Betanzos tiña unha débeda con este home, unha das intelixencias máis grandes que tivemos. Por sorte, a súa presentación do Anuario Brigantino 2002, nº 25, o 26 de setembro do 2003, converteuse espontaneamente, de feito, nunha homenaxe a el. Alí quedou ademais unha foto na que estaban tamén os fillos de don Francisco Vales, posto que se cumprían os 25 números do Anuario. E precisamente hai uns días tamén se foi para o Alén o fillo maior, **Francisco Vales-Villamarín Vía**, para o que deixo aquí testemuña de eterno agradecemento, posto que gracias a el e a seu irmán **José Domingo**, o arquivo de seu pai está hoxe no Arquivo Municipal. Sen eses fondos, por poñer un exemplo, non coñeceríamos a penas nada da nosa rica prensa de finais do s. XIX e boa parte do XX.

Falando de sabios, quizais un dos que responde mellor a esta imaxe sexa **Luis Monteagudo García**, antigo director do Museo Arqueolóxico da Coruña e un dos nosos arqueólogos máis coñecidos no mundo, sobre todo polos seus libros publicados en Alemaña. Sempre foi o conselleiro ideal para múltiples problemas científicos e ademais foi un honor poder publicarlle varios traballos xa desde o Anuario de 1983. Cos seus 87 anos, vendo mal dun ollo e nada do outro, aínda nos ilumina.

Un dos éxitos máis importantes que tiven xa desde o principio foi integrar como colaborador ó betanceiro **Xesús Torres Regueiro** que publicou en todos os números. O

seu papel como investigador foi medrando non soamente ó ritmo do Anuario, senón tamén, ó ritmo da organización do Arquivo Municipal. Os seus traballos sobre a prensa local e sobre a Segunda República, entre moitos outros, son verdadeiramente senlleiros.

Juan M^a García Otero, tamén betanceiro, é unha das grandes autoridades europeas no campo da conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor do patrimonio. Foi editor e director da revista *R&R* e actualmente é editor e director da revista *Restauro*. El deixounos no Anuario un precioso traballo reivindicativo sobre o barrio da Magdalena e, xunto con **Manuel Justo Vázquez Miguez**, outro lembrando ó noso gran futbolista Amador.

Carlos Fernández Fernández, outro betanceiro, está tan ligado ó Arquivo Municipal que foi o primeiro en facer cos seus fondos unha tesíña e despois unha tese doutoral. Non soamente publicou numerosos traballos no Anuario, senón que fixo varios libros e participou noutras revistas, de tal maneira que hoxe é o gran especialista da historia da Medicina galega.

E xa que falei do Arquivo Municipal, é de xustiza dicir, que é peza básica na cultura de Betanzos, probablemente o proxecto de máis transcendencia cultural da era democrática, por máis que a súa presenza non resulte sempre evidente nin espectacular. Pero telo aí, á beira, é garantía de éxito para o Anuario e para moitos outros proxectos. Foi salvado, recuperado e organizado a partir de 1981, en paralelo ó renacemento do propio Anuario, polo alcalde (1979-1983) **Vicente de la Fuente García**, asesorado (non o esquezno) polo seu irmán **Santiago**, un verdadeiro visionario. A eles, como arquiteiro e director do Anuario Brigantino, debo expresar hoxe aquí o meu recoñecemento e a miña gratitude.

En fin, o Anuario serviu tamén para establecer unha rede cultural que, tendo como epicentro Betanzos vai, por unha banda cara a Culleredo e a Coruña e pola outra cara a Narón e terras de Ferrol, contando tamén con Monfero e Pontedeume e sen esquecer o eixe sur que chega a Portugal. En Culleredo o noso home e **Carlos Pereira Martínez**, o que máis sabe de ordes militares medievais en Galicia, ademais de dominar outros temas como a Segunda República. E indo cara á Coruña, moi presente no Anuario, non me podo esquecer dese traballo monumental que fixo o recentemente falecido **Santiago Daviña Sáinz**, unha das persoas máis boas e xenerosas que coñecín, que transcribiu e publicou ó longo de seis Anuarios o noso tumbo do mosteiro das Cascas, que se atopa na Real Academia Galega. Outros coruñeses ilustres que aquí publicaron foron e son: o lembrado e querido **Miguel González Garcés**, **Xosé M^a Monterroso Devesa**, o medievalista **José Luis López Sangil**, o especialista no s. XVI **Ismael Velo Pensado**, a estudiosa do s. XIX **Consuelo Mariño**, o arquitecto **Antonio Garrido**, o arqueólogo **Xan Vázquez**, os arquiteiros **Pedro López Gómez** e **Gabriel Quiroga**, etc.

En Narón e Ferrol temos ó doutor **Andrés Pena Graña**, un dos nosos sabios da cultura céltica e de outros temas, que nos apoia constantemente con entusiasmo e nos ilumina cos seus traballos; temos tamén ó **Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos** que cada ano nos descubre máis petroglifos, ademais de mámoas, mesmo algún mosteiro medieval perdido, etc. E con eles hai máis investigadores como **Juan Burgoa**, **Marcial Tenreiro** e outros. Ás veces paréceme que, a nivel cultural, o Anuario axuda a manter vivas as relacións desa antiga realidade provincial que tivo como capital Betanzos.

Remato pedindo disculpas a tantas persoas que xa non cito por falta de tempo, e agradecendo a toda a xente que veu e vén á presentación do Anuario: ós que estades aí. Porque, por algunha razón segredada que vós saberedes, este acto convertísteo desde hai tempo nun dos principais a nivel cultural do ano en Betanzos e iso para nós significa moito: non só nos estimula, senón que tamén nos ilusiona. Fainos pensar que, despois de todo, esta semente de cultura, de respecto ó noso patrimonio, non cae en terreo ermo e que quizais Betanzos, Galicia e mesmo o planeta enteiro aínda teñan esperanza.

GRACIAS A TODOS! (Betanzos, 10 de outubro de 2008)